

Obxecto de desexo

Nada como anticiparse á ausencia do obxecto do desexo para encher o corazón de inquedanza e sufrir un pouco. O sufrimento ten o seus matices; non é o mesmo sufrir por un amor imposible que por unha dor de moas. “Namorada dun mozo que ía deixar a cidade a rapaza fixou con liñas os contornos do perfil do seu amante sobre a parede á luz dunha vela”, así relata Plinio “o Vello” a lenda da creación da pintura. A veracidade do relato é irrelevante, e o comezo é alentador, despois de todo unha porcentaxe importante da nosa enerxía vital está destinada ao amor. Esta lenda non só anticipa a presenza alegórica do amor na arte, senón a da acción que a inspira diante do cadro. O pracer sexual trasládase dun lado a outro do lenzo e ás veces tamén se sublima; a Van Gogh entristecía saber que a pintura é como unha amante que nunca ten dabondo.

Moitos converteron a súas teas na anticipación da perda do amante e aínda que o paso polo impresionismo acabou coa alegoría e a nosa destreza para delas, os especialistas saben ver máis aló das aparencias. O de ser modelo daba moito xogo, e non é unha casualidade. Des-

Presenzas de Eros na Arte

MARCELA SANTORUM

pois de estar mirando e deixándose mirar unha hora é difícil resistirse á gravitación da mirada que recolle o perfil dos labios para traducilos con tacto rítmico sobre o lenzo. Neste xesto é probable que Rafael se sorprendera namorado mentres observaba o accidente dalgunha forma do corpo da filla do panadeiro. Os expertos tras someter o cadro *Fornarina* a unha atenta observación, descubriron o trágico romance. “Foi un amor imposible”, sentenciaron. Rafael, comprometido coa sobriña dun poderoso cardeal, estaba loucamente namorado da filla do panadeiro.

Outra historia de amor chea de obstáculos é a de Rembrandt e Stoffels Hendrickje os cales se amaron intensamente ata a morte do pintor, a pesar das reprimendas da

Igrexa calvinista que chegou a amonestar á amante ata expulsala. Rembrandt puido ter regularizada a situación de non ser porque a súa muller, Saskia, lle concedeu o usu-


fruto dos seus bens sempre que o artista non volviera casar. Pode que a Saskia o tiro lle saíra pola culata, despois de todo non hai como as prohibicións para revitalizar o desexo carnal.


En canto ao gusto polos triángulos, a vida de Camille Claudel é un bo exemplo. Esta excelente escultora foi a amante de Auguste Rodin durante moitos anos, quen ó mesmo tempo estaba comprometido con outra muller: Rouse Beuret a quen nunca quixo deixar. Nesta ocasión non foi o romance da modelo e o artista, senón de dous artistas. Pode que Camille non superara nunca a perda

daquel amor, xa que creou o mesmo tipo de relación, desta vez con Claude Debussy, que tamén tiña outro compromiso. A escultora tivo unha existencia trágica, sinalada pola inestabilidade emocional que a levou a un hospital neuropsiquiátrico que abandonou morta. Outra paixón entre artistas foi a de Frida Kahlo e Diego Rivera. Ela describiu moi ben a realidade cando dixo: “tiven na miña vida dous accidentes: cando me atropelou un tranvía e cando coñecín a Diego Rivera.” Outra boa traxedia de amor foi a de Modigliani e a súa compañeira. Dous curtas vidas marcadas polas inestabilidades e dramas. O pintor que soubo gañar a fama de maldito, morreu en 1920 e a súa moza, ao coñecer a noticia, tirouse por unha fiestra.

Se Eros vai cos ollos vendados repartindo as súas frechas de prata non é pola cegueira do amor, máis ben é porque sabe o camiño. A asimetría dos amantes sempre asegura unha boa cota de paixón.

Agora os expertos aseguran que os nosos apaixonamentos non son máis que hormonas e actividade neurolóxica. Aínda que estas teorías pode que só sexan a conspiración dun monllo de insatisfeitos ou unha simple estratexia para xustificar rutinas e covardías diante da caducidade. O certo é que necesitamos as historias de amor para superar o cotián e a transitoriedade. A alma anseia realizar todo o que a realidade frustra e se non dispoñemos dunha auténtica paixón o alento das alleas, reais o inventadas consola. Será porque como di Herbert Marcuse: “Mentres na arte o amor se eleva a categoría de traxedia, na vida cotiá transformámolo en hábito e obriga.” Pode que esto sí explique o das hormonas.





Arturo Pérez-Reverte, autor das aventuras do capitán Alatriste.

Alatriste e o triunfo da aventura

Non cabe dúbida que letras e imaxe cinematográfica comparten un dos valores máis importantes nas sociedades actuais: aunar entretemento con calidade; é dicir, que se poida entreter ao espectador ao mesmo tempo que nos faga pensar e adquirir novos valores e ideas. Para moitos críticos españois, Pérez-Reverte reúne nos seus textos as características necesarias para levar os persoaxes do mundo da escrita a esoutro do celuloide. Gerardo Herrero xa se decatou disto a mediados dos noventa e transformou nunha magnífica película o libro do mesmo título, *Territorio comanche*, onde nos facía chegar as terribles condicións da guerra fratricida que tiña lugar nos Balcáns. Os ollos dos periodistas alí desprazados -Imanol Arias e Carmelo Gómez no film- eran testemuñas das atrocidades cometidas por un e outro bando, cunha única vítima en común, a poboación civil. A experiencia do propio Pérez-Reverte como corresponsal na guerra de Bosnia, durante a etapa de xornalista para TVE, serviu para enriquecer o relato.

O maior presuposto da historia do cine español ponse ao servizo de Agustín Díaz Yáñez para que leve á gran pantalla como se merece a personaxe de Alatriste: todo un éxito de vendas en España e no mundo. Un reparto internacional encabezado polo famoso Viggo Mortensen, coñecido polo seu papel de Aragon en *O señor dos aneis*, centos de extras que axudan a dar máis realismo as crúas batallas da época... unido aos contidos de aventuras que hai na propia novela —e, claro é, que detrás esta Díaz Yáñez, director que nos impresionou a todos con *Ninguén falará de nós cando morramos*— fai que xa demore a estrea da película.

Nos vindeiros meses, un dos personaxes máis sonados da literatura actual en España vai estrearse versión cinematográfica: trátase do capitán Alatriste, o protagonista da serie novelesca da que é autor Arturo Pérez-Reverte, un auténtico acontecemento mediático toda vez que non tardaremos en ver invadidas as paradas do autobús, os suplementos dominicais dos xornais, as radios e mais as televisións con carteis e entrevistas promocionais acerca da película. Como quecemento previo a todo isto imos falar de Cine e Literatura, dous xéneros tan distintos e, asemade, tan semellantes: ambos empregan o entretemento para mandar mensaxes e contar historias que nos atraian coma lectores e/ou espectadores.

Cinema e Literatura

Nos últimos anos, e provocado pola maneira de entender o negocio do lecer, o cinema e mais a literatura xúntanse para acadar éxito; é dicir, se unha película, baseada nun libro, ten boa acollida de crítica e público, o escritor e a editorial veranse recompensados cun aumento impresionante do número de exemplares. O mesmo proceso ocorre á inversa: cando un libro se converte nun best-

seller, non tardarán moito os avezados produtores en facerse cos dereitos da novela para trasladar esa rentabilidade á gran pantalla. A impresionante operación de márketing do libro *O código Da Vinci* é un bo exemplo de todo isto, pois o éxito editorial, e a polémica suscitada co Vaticano, argallaron un prato moi apetecible para Hollywood, que incluso lle deu o papel protagonista a un dos seus estandartes do “taquillazo”: Tom Hanks.

Moitas veces o éxito da adaptación da novela ao cine depende do talento dos guionistas para buscar, e/ou eliminar, os elementos pouco cinematográficos do texto ao mesmo tempo que potenciar os que eles pensen máis interesantes de cara aos espectadores; de feito, esta tarefa acabou sendo valorada pola Academia de Hollywood, instaurando un Oscar ao mellor guión adaptado. Doutra parte, foron tamén grandes novelistas os que probaron sorte no mundo do guión e da escrita cinematográfica: William Faulkner, Dasiell Hammet, Michael Crichton, ou mesmo un dos meus favoritos, Richard Brooks, quen comezou como escritor e guionista e rematou sendo un dos directores máis revolucionarios do cine dos anos 60-70. Realizadores consolidados como John Ford, Hitcock... víronse tentados de levar a pantalla títulos tan complicados como *As uvas da ira*, *Vértigo*... Nos últimos anos causou unha grata impresión o traballo de Peter Jackson, coa triloxía d’*O señor dos aneis*. A novela de JRR. Tolkien sempre presentou todos os requisitos para levala á gran pantalla, mais a todos os que se lle pasou pola cabeza, incluído o gran Stanley Kubrick, acabou

por poderlles o medo de non estar á altura do texto, nin poder resumilo nun só filme, de aí que Jackson fixese o único que se podía facer: dividir a historia igual que o orixinal, en tres partes, onde o director neocelandés saíu victorioso ante o público e a crítica.

Houbo outros intentos de trasladar novelas consagradas á gran pantalla sen que o resultado deixara contentos nin ao público nin ao propio autor do texto, como é o caso de Brian De Palma con *Carrie*, de Stephen King, ou a inefable adaptación de Terry Gilliam do orixinal de Hunter S. Thompson, *Medo e noxo en Las Vegas*, onde o creador de *Brazil* somete ao espectador a unha viaxe desesperante de turbios fegonazos cinematográficos, que unidos a unha chirriante e esaxerada interpretación de Johnny Deep, fan da película algo realmente “infumable.” A adaptación dun libro de Javier Marías por parte de Gracia Querejeta, filla do famoso produtor, que deu orixe á película *A derradeira viaxe de Robert Raynalls*, rematou nun contencioso administrativo para eliminar, a petición do propio Javier Marías, o seu nome dos títulos de crédito, para alén dunha compensación económica por perxudicar o seu traballo como escritor. Co paso do tempo os produtores e directores decatáronse que, á hora de adquirir os dereitos dunha novela, o mellor que poden facer para acadar un resultado positivo é involucrar ao escritor na realización do guión e a facelo participe do proxecto cinematográfico, para que a maxia da literatura non desapareza no momento de tirar os persoaxes do imaxinario colectivo na hora de poñerlles cara e facelos de carne e óso.

Do papel á gran pantalla

FRAN F. JALDA

ENTREVISTA

Como xurdiu a idea de crear unha páxina como Galicia Encantada?

-Por un lado, queríamos buscar unha fórmula para poder difundir o que, en conxunto, podemos chamar fantasía popular e, fundamentalmente, a literatura de tradición oral. Por outro, xa que Internet permite establecer comunicación con quen recibe a información, que mesmo pode axudar a ampliá-la aportando material e contidos... facer unha páxina web parecía un medio ideal.

- Cantas aportacións recibiron ata o de agora?

-Neste momento, hai seiscientos e pico documentos que son aportación miña, pero logo hai máis de trinta persoas que van achegando lendas e historias das súas respectivas zonas. E, pouco a pouco, vaise incorporando xente do ensino. Que haxa profesores que estimulen aos seus alumnos a participar, coído que é moi importante.

- Neste sentido, mesmo teñen unha sección, a de Didáctica da Fantasía...

-Así é. Son propostas pensadas, aínda que non exclusivamente, para xente que está no ensino e que, moitas veces, queren traballar, e de feito traballan, sobre literatura de tradición oral, pero fálalles recursos. E o que se propón son, precisamente, recursos para traballar cos seus alumnos ao redor da mitoloxía e da literatura oral. Entón, pouco a pouco irán saíndo proxectos. Neste momento hai un que se chama "Mitos e lendas de Galicia", que leva, de momento, un primeiro cuestionario que está aí, á disposición dos docentes por se queren aproveitalo, non só tal e como se lles presenta, senón tamén como base para facer os traballos que eles consideren. Ademais, o que se lles propón é que, de levar adiante proxectos escolares con este tipo de cuestionarios, que os insiran en Galicia Encantada, xa que temos un apartado de investigación que é unha revista electrónica na que se vai publicando material relacionado coa fantasía popular.

- Que papel ten a cultura popular na educación?

-Realmente, menos do que debera. Primeiro, porque é unha parte importantísima do noso patrimonio. E segundo, porque as súas principais manifestacións son literarias, e a literatura oral coído que é un recurso moi interesante para traballar a expresión oral e a materia de lingua galega. Penso que debería dársele moita máis importancia da que ten, porque aínda que sei que hai moito docente que traballa a fondo con todo este material, tamén hai moitos outros que se limitan aos libros de texto e traballan fundamentalmente literatura impresa.

- Outra das seccións da páxina é a de Área Re-creativa. En que consiste?

-Hai unha idea xeralizada de que a cultura tradicional ou popu-



Antonio Reigosa

“A cultura popular está en continua adaptación aos tempos”

Tras un ano de percorrido e máis de cincuenta mil visitas, Galicia Encantada (www.galiciaencantada.com), páxina coordinada por Antonio Reigosa, converteuse nun referente para todos aqueles que queren saber máis sobre a nosa fantasía popular

NATALIA ÁLVAREZ

lar é estática, que non se move, que non evolúe. Pero trátase dunha visión errada, xa que é unha forma que, igual non vive ritmos de crecemento e de variación tan grandes como poidan vivir outras cousas, pero que si está en evolución arreo, cos tempos e cos temas que se van dando. Por iso, na Área Re-creativa o que se pretende é dar cabida á literatura feita a partir da fantasía popular, a xente que, por exemplo, recrea un lugar que ten unha lenda, pero poñendo elementos novos ou facendo interpretacións novas.

- Tamén inclúen outra sección, a de "Lendas Urbanas", que contradí esa crenza de que a literatura oral só ten que ver co rural.

-Esta idea xorde porque o mundo urbano normalmente fo-

AS LENDAS URBANAS AMOSAN UNHAS TEMÁTICAS TAN ANTIGAS COMO AS DOUTRO TIPO CALQUERA DE RLATO”

xe do rural, xa que o entende como inferior. Ese é outro gran problema, concibir unha cultura, en todo caso diferente, como inferior. De aí, dalgunha maneira, vén a denominación de "lenda urbana." Por certo, que tamén é un erro pensar que son lendas modernas, cando non é tal. Si incorporan, digamos, con máis rapidez que outro tipo de historias, elementos que son de actualidade. Pero practicamente todos os temas da lenda urbana son antigos ou, polo menos, tan antigos como calquera outro tipo de lenda. O que pasa é que están actualizadas, aparentemente frescas, e aos rapaces gústalles. Ademais, o seu principal medio de difusión é Internet e, polo tanto, dan con elas facilmente, navegando pola rede.

conservan, se a deixan morrer ou non a deixan morrer; aínda que aqueles que afonden un pouco na súa historia verán que boa parte da literatura que chamamos culta está sustentada sobre temas da literatura oral, pero esa xa é cuestión para máis adiante, para xente interesada máis a fondo no que é, en xeral, a cultura popular e, en particular, a literatura oral.

- Tras tantos anos recollendo lendas populares, atopou historias novas a partir da creación de Galicia Encantada?

-Si, claro, sempre levas sorpresas. Eu comecei a traballar en Chaira, un equipo que formamos Xoán Ramiro Cuba, Ofelia Carnero, Mercedes Salvador e mais eu. Cando principiamos, tiñamos interese e certos coñecementos, pero onde realmente aprendimos o que é este mundo foi facendo traballo de campo. E non só descubres lendas novas, que tamén é importante, senón que a nosa literatura oral forma parte de todo un universo, e que os mesmos contos, con matices propios nosos, contábanse na India ou na China de hai dous ou tres mil anos, no Antigo Exipto, na Europa de todas as épocas, dende Rusia a Portugal, pasando polo norte e polo sur. Ademais, moitos deses temas foron levados, por exemplo, a Sudamérica por xente europea, moitos paisanos nosos. Iso sábese porque moitos matices de determinados contos, ou lendas, que están presentes en países de Sudamérica, non o están, por exemplo, en Francia.

- Que as lendas urbanas sexan similares en moitos países é lóxico, tendo en conta que se transmiten a través de canles globais como Internet. Pero resulta curioso que toda esta base popular da que fala estea tamén interconectada...

-Pero é así. Outra cousa é que a xente o saiba. Pero mira, se ti colles un determinado conto e tratas de localizar o maior número de versións que poidas de todo o mundo, ves que, en esencia, é o mesmo conto. Por poñer un exemplo: hai contos de animais que aquí protagonizan raposos pero que, noutras partes do mundo onde os raposos non pintan nada, ese mesmo papel faino un chacal ou outro animal que nesa zona sexa representativo do espazo que ocupa o raposo aquí. É dicir, ese animal que, sendo físicamente débil, é astuto e intelixente e é capaz de burlarse doutros animais moito máis poderosos ca el. En esencia, esa é a gran literatura universal, evidentemente moito mais antiga que a literatura impresa, e que se difundiu polo mundo de moitas maneiras. Así atopas detalles curiosísimos, xa que igual podes ver unha versión dun conto no sur de Galicia que é moi diferente a unha que se escoita no norte. Iso lévate a pensar que a procedencia desas dúas versións é diferente. Unha puido vir desde o sur, do Mediterráneo, e outra puido vir das Illas Atlánticas. Son, polo tanto, matices moi importantes á hora de facermos unha investigación. Non tanto á hora de escoitar contos, pois o que de veras vai importar sempre é que sexan divertidos e que entreteñan.

PENSO QUE A LITERATURA ORAL É UN RECURSO MOI INTERESANTE PARA TRABALLAR A MATERIA DE LINGUA”

Oitava entrega de *Madrygal*

BAIXO a dirección de Carmen Mejía e de M^a J. Postigo chega unha nova entrega desta revista universitaria de periodicidade anual da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense madrileña baixo o título de *Madrygal*, confirmando deste xeito o seu asentamento entre as revistas de contido literario e lingüístico de noso.

Entre as numerosas colaboracións incluídas nas diversas seccións da revista —artigos, crónicas, creación, tradución, entrevista e recensións— e diante da imposibilidade de reproducir aquí a totalidade das colaboracións —todas marcadas pola perspectiva plural co que se enfocan os diversos asuntos e tamén as diferentes orientacións analíticas que naquelas se aplican— salientamos, tan só, algunhas das propostas das que cómpre dar conta por presentar un maior interese xeneralista.


Velá, daquela, a rigorosa e documentada análise a cargo de Xesús Alonso Montero verbo do interese que suscitou a figura de Sancho Panza en varios po-

Estudos galegos desde Madrid

RAMÓN NICOLÁS

etas nos séculos XIX e XX, alén de recuperar creacións de autores galegos sobre asuntos cervantinos; Ana Acuña, pola súa parte, testemuña a amizade entre Xoán Vidal Martínez e X.M. Álvarez Blázquez exhumando a relación epistolar entre ambos os dous e, ao tempo, J. Expósito realiza un atinado estudo da obra poética de Xela Arias, alén de se incluír outra aproximación á figura e obra de Reimundo Patiño a cargo de X.L. Gutiérrez.

Fóra de colaboracións de corte estritamente lingüístico, a cargo de Iolanda Galanes ou Soledad Ríos, ta-



mén merecen salientarse diversos artigos como o de X.R. Mariño Ferro no que analiza polo miúdo o romance “A caza de Don

Celinos” ou o de V. Palomares verbo da poesía amorosa no poeta e crítico ferrolán Vicente Araguas.

Por último, fóra de reproducir unha conferencia ditada por Suso de Toro baixo o título de “A literatura como viaxe” e dúas entrevistas —a Inés Canosa e Xosé Fariña Jamaro respectivamente—, engádense unhas completas páxinas de recensións e outras de creación, nas que se recollen propostas creativas de María do Cebreiro, X. Manuel Moo, María Reimón-dez ou Gonzalo Navaza entre outros.

Parabéns, así pois, pola intensa andaina que vai percorrendo esta revista universitaria, decote atenta a asuntos de interese galego.

MEJÍA, C. e POSTIGO, M.J. (dirs.), *Madrygal*. Revista de Estudios Gallegos, Univ. Complutense de Madrid, vol. 8, 2005, 200 páxinas.

Con licor

Sabores de parodia

PILAR PONTE

OPASADO mes de novembro o xurado do XIII Premio Lueiro Rey de Novela Curta convocado polo concello do Grove e Sotelo Blanco Edicións formado por Xesús Alonso Montero, Manuel Quintáns Suárez, Francisco Martínez Bouzas, Armando Requeixo e Paulino Martínez Pereiro decidía outorgarlle un accésit á obra *Licor de abelá con xeo* de Xurxo Sierra Veloso.

A obra xira ao redor das circunstancias que envolven a entrega do Premio de Novela Leira da Chave nunha vila denominada Pousadoiro que ben pode ser trasunto de calquera das vilas galegas actuais con premio literario ad hoc. A peripecia é o envelenamento de tres membros do xurado por parte dun autor resentido ante o seu reiterado fracaso en varios certames. Ao carón deste fio argumental ofrécense outras dúas historias de maior calado, unha é a loita dun individuo coa súa necesidade de crear e se ver reconecido pola sociedade e outra, a historia dun amor adolescente de verán. Esta parodia dos



certames literarios non esquece retratar os que xa podemos considerar tipos da nosa paisaxe cultu-

ral a través dos diferentes integrantes do xurado e mesmo o alcaide metido a intelectual forzoso. A estrutura da obra a modo de crebacabezas vai unindo pezas que de primeiras non semellan ter nin unha relación ata configúran un todo harmónico, o que a achega a técnica cinematográfica que podemos ver recentemente en filmes como *Crash*. Tampouco

está exenta a obra dunha comicidade moi sutil que podemos atopar en personaxes como o concelleiro de cultura asemade propietario dunha empresa de servizos funerarios.

O autor, non excesivamente coñecido polo gran público, xa nos tiña ofrecido con anterioridade a novela *Os ollos do rei de copas* (1994) publicada por Edicións do Cumio así como tamén algunha tradución aparecida editorial Xuntanza de autores clásicos gregos. Tamén nos podemos achegar a este escritor e a súa obra a través do seu blog no enderezo electrónico <http://reidecopas.blogspot.com>. As últimas noticias que temos é que un xurado composto por Camiño Noia, Isidro Novo, Xosé M. Dobarro, Anxo Tarrío e Armando Requeixo vén de concederlle ao autor o Premio Risco de Creación Literaria 2006 á súa novela *Os mércores de Fra*. Xurxo Sierra desde logo está de noraboa.

SIERRA VELOSO, Xurxo, *Licor de abelá con xeo*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2006, 158 páxinas

Baricco e nós

Cando a verdade esvara na seda

MARGA ROMERO

DESDE unha visión “práctica” alguén podería discutir a rendibilidade de traducir *Seda*, un libro dun autor (re)coñecido e xa moi lido a través do español, un libro que se converteu nun bestseller, intención que parece perseguía o autor. Entón de pensar-mos así, hai unha cuestión que paira no ar: é rendíbel facer unha versión ao galego dun libro xa moi lido?

A resposta é afirmativa, non só pola contribución á normalización da lingua, non só por traballar desde a edición sen complexos e con verdadeiro oficio. Paga a pena a publicación desta obra en versión galega, xa que a tradución de María Cristina González Piñeiro, esta (re)creación é excelente e ofrécenos unha lingua fermosa que conta unha historia tamén fermosa, desas historias que axudan a potenciar a lectura e que crean opinións afastadas de faladoiros intelectuais, conversas do cotiá que non dubidan en afirmar que *Seda* de A. Baricco é unha desas historias que chegan ao corazón, cun final que sorprende e cun estilo sinxelo e directo. *Seda* ten todo para ser un libro de éxito: axilidade e contención e, sobre todo, brevidade. Ademais é un relato que nos achega á literatura oral, realmente cando lemos é como se nos estivesen a contar un conto e nós, na presenza dun narrador, imos imaxinando como el, igual que o fai Baldabiu, nos abre un mapa do mundo que nos transporta até o Xapón, imaxinamos esa viaxe a de ida e a de regreso, que coa arte da tradición e da oralidade se repite, contribuíndo a gravar na mente o ritmo dunha canción

que se converte en familiar, pechada nunha estrutura narrativa na que as personaxes que van xurdindo ocupan o escenario só o tempo xusto. Somos capaces de (pre)sentir o tacto da seda e apreciar con todos os sentidos o que as palabras envolven creando un novelo de segredos que pousa nunha coroa de minúsculas flores azuis escuras ou nunha maleta no andén



dunha estación de tren. Novelo de segredos que se vai desenvolvendo até chegar a verdades impronunciáveis de todo, que esvaran na seda acabada de nacer e no deambular lene da vida de Hervé Joncour e da atmosfera de marabilla que se respira en Lavilledieu na última metade do século XIX cando só o privilexio permitía posuír o exótico cos sentidos. Algo máis ca unha historia de amor cos seus breves e intensos momentos eróticos, algo máis cá persecución dun desexo. “Morrer de nostalgia por algo que non vas vivir nunca”.

BARICCO, Alessandro, *Seda* (trad. M^a Cristina González Piñeiro), Ed. Rinoceronte, Cangas, 2006, 112 páxinas

LIBROS

Luces e misterios

Unha poesía da intimidade

ROMÁN RAÑA

Volve Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) publicar un novo libro de poesía, *O pan da tarde*. Xa sabemos que estamos diante dun dos poetas maiores de Galiza. A súa traxectoria poética, incomparable, vai desde os inicios onde imperaba un clasicismo simbólico (ou un simbolismo clásico) que ofrecía ao lector edificios racionais que, vistos con detención, se descubrían alicerzados nos precipicios da alma ou, máis ben, que o pudor ou a distancia da mesura e da contención alonxaban da confianza directa ou da interpretación lineal. Eses abismos nocturnos da mágoa de vivir foron aflorando paulatinamente en obras posteriores e o sosego clásico deu paso á turbación dos sentidos, ás incertezas mostradas en versos de maior desazón e aturdimiento. Falando claro: a vida tomou a poesía e entón viu a luz unha maior carga irracional.

Agora nada é inserrible, nada é desinteresado, nada é superfluo. Baixeras xa non ten que demostrar nada e pode regalarnos os seus poemas encheidos de furor e de misterio, de estupor e de tremor, de súbita luz e de estremecementos. A materia coa que traballa (a argamasa sentimental que o conforma, o pasado agrario e vivencial da Mariña, o sempre mar que establece un fondo diálogo coa nostalgia, o territorio dos que xa non nos acompañan, a conciencia que se embaza de dor polas perdas...) é coñecida, aínda que persoalmente intransferible.

De que nos fala Baixeras neste novo volume? Pois do tempo que se nos vai como auga da fonte sen retorno, do amor como sublime forma de canibalismo, do incestuoso apetito infantil, das tentativas de comprender o mundo en que vivimos, etc. Mais todo isto elaborado en pezas de versos ben medidos (heptasílabos, hendecasílabos brancos), dunha poderosa musicalidade e cunha potente voz interior que non rexeita a expresión contundente: "Poeta que te abismas/na túa contraluz: omite esa cadencia./Omítenos, suspende/o que a hora condena."

Poesía da intimidade onde observamos un perso considerábel do des-


asosego que o autor non desexa sacralizar ou idealizar, mais tampouco banalizar porque forma parte da súa viciñanza co mundo e da súa amizade coa vida. Por iso non estraña atopar outros momentos de fonda reflexión sobre o acto de escribir que, como o de vivir, levan en si a ferida inocencia do home ou é contemplado como unha inmersión na conciencia insondábel do que somos: "A letra é túnel,/non queda hostal, a aurora/gangrena os seus estigmas./Non avanzas."

Tampouco son alleos a el os grandes temas tratados ao longo de todos os tempos e por autores de todas as latitudes: o desdoblamento da persoa como río que sempre muda e sempre queda ("Vaia por onde vaia"), a pulsión amorosa ou do anhelo como forza perpetua ("Nada quero saber senón de ti"), o desexo de abolir o que non queremos ser ("Cando ninguén me chame"), etc.

A expresión das emocións faise con pincelada lacónica, ás veces febril, sempre lábil e escorregadiza, que nos lembra tanto o haiku xaponés: "Miro para iso mesmo: noite obliqua,/árido faro". Tamén encontramos certos contidos fonda mente pesimistas que outorgan a algúns momentos poemáticos un ton de desolación incomfortábel que se aproxima ao nihilismo: "Aquí dentro, máis nada,/o mesmo barro ausente,/a mesma letra rancia". Precisamente todo o contrario é o que atopamos ao lermos este máis que fermoso exemplar:

a loita contra a morte (forza motriz da grande arte), a sorprendente presenza do amor, a denuncia do olvido, todo o que desperta no ser a profunda obriga de vivir.

RODRIGUEZ
BAIXERAS, Xavier, *O pan da tarde*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 107 páxinas



VERSOS CUNHA
POTENTE VOZ
INTERIOR QUE
NON REXEITA
A EXPRESIÓN
CONTUNDENTE

Un artista da irrisión

De bosques e de raposos


FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Arto Paasilinna é o escritor finlandés contemporáneo máis popular e as súas obras están traducidas ás principais linguas do mundo. Con todo e ata hai dous anos, era un narrador case que descoñecido para os lectores das linguas peninsulares. A recentemente inaugurada Rinoceronte Editora vén de nos permitir poder ler en galego a súa última obra, *O bosque dos raposos aforcados* —primeira obra vertida do finlandés ao galego— un verdadeiro best-seller no ámbito dos países nórdicos.

Arto Paasilinna goza dun lugar singular na literatura do seu país, por mor sobre todo da súa escrita humorística e pouco menos que surrealista. Equilibrista hilarante, artista da fuga e da irrisión, Paasilinna fainos deleitar co silencio dos grandes espazos, coa inmensidade incontaminada da tundra, coas remotas paisaxes xeadas, coas trementes auras boreais e cos estraños sons do bosque. Sutura pois Paasilinna melancolía, naturalismo e unha sincera atracción por situacións paradoxais. E sobre este pano de fondo, historias divertidas e personaxes *on the road*, coa fuxida sempre como destino. Como acontece en *O bosque dos raposos aforcados*, novela na que o escritor finlandés nos brinda as aventuras de tres fuxidos, de tres personaxes absurdos e disparatados que, tentan evadirse da súa existencia ou dalgunha consecuencia da mesma, e acaban xuntándose nunha cabana de leñadores da Laponia finlandesa.

ESTAMOS NO PRACER
DO RISO
ESPONTÁNEO,
ESPIDO DE
TRANSCENDENCIAS

Son eles Oiva Juntunen, delincente profesional que, pasa a ter no seu poder trinta e seis quilos de ouro, botín dun roubo clamoroso ao Banco de Noruega e que decide non compartir cos seus colegas de latrocinio, porque, conclúe, os asasinados precisan ferro e non ouro. Acorda pois agacharse o mesmo e agachar o ouro en Laponia, nun pedregal que nin el sabía onde estaba. O comandante Remes, militar borrachuzas, ensumido



entre a augardente e a rutina, que resolve coller un ano sabático para beber e acordar que facer da súa vida. Cando o xogo de despistes entre os dous remata, chega ao seu refuxio Naska, a kolta máis vella do distrito que foxe dos que pretendían internala nun asilo. O grupo forma unha insólita familia, vive con toda comodidade entre as neves e o xeo e cando as gañas dunha femia fan que o comandante Remes pense máis nas mulleres que na augardente e, como Deus aperta pero non afoga e Naska era unha muller encantadora pero máis vella cós camiños, un día chégalles un envío de dúas mulleres novas, guapas, con roupa cara... un cargamento de putas suecas.

A habilidade de Paasilinna crea con moito oficio estes absurdos personaxes e fai que actúen dun xeito absolutamente normal nun paraíso afastado de calquera lei ou norma social. Mérito seu e deséñalos con tal grao de humanidade que, incluso nos seus peores excesos, o lector sente a tentación de atoparlles excusas. Libro

sobre todo divertido, sen pretensións morais nin grandes reflexións filosóficas. No canto das mesmas, o pracer do riso espontáneo, espido de transcendencias. Os personaxes son absurdos, o argumento completamente inverosímil, Paasilinna narra da forma máis sinxela e tradicional botando man da omnisciencia e da historia lineal. Porén, ata o feito máis lamentable resulta conmovedor. O estilo retranqueiro e irónico de Paasilinna é recollido nunha versión ao galego da que descoñecemos o grao de fidelidade coa lingua orixinal, mais na que gorentamos un galego xenuíno cunha escolla lingüística, na miña estima, oportuna: o uso da gheada e do seseo para trasladar a nosa lingua as variantes dialectais finlandesas.

PAASILINNA, Arto, *O bosque dos raposos aforcados* (trad. Tomás González Ahola) Ed. Rinoceronte, Cangas, 2006, 258 páxinas



Arriba (á esquerda): "Danza cubana" (2001). Á dereita: "Ballet de Víctor Ullate". Abaixo: fragmento de "Bailarina do Ballet Real de Camboxa" (1996).

A presenza do corpo na arte é en esencia a presenza do corpo contemplado. A nosa ollada retén, en momentos de especial intensidade, non apenas os trazos corporais senón que consegue ir máis alá, achegarnos ás imaxes dun xeito máis fondo; iso que para Lacan era produto e consecuencia dun "estado de vixilia".

A esta actitude coido que nos levan as fotografías de Isabel Muñoz (Barcelona, 1950), unha artista que coas súas obras non só non nos afasta da realidade corporal representada, senón que nola fai moito máis real, como se a anécdota presente inevitavelmente en cada obra deixase paso ao esencial, á captación profunda da existencia.

No centro da obra de Isabel Muñoz está o corpo: o corpo que aparece, que se move, que se abre perante os nosos ollos, impondo a súa soberanía na súa instantánea presenza ou na súa complexidade, na súa diversidade e na súa esencial unicidade.

Para a súa indagación a fotógrafa vai desde Cuba a Turquía, desde Etiopía a Camboxa, proxectando sempre unha ollada que se afasta de calquera tentación etnográfica, aínda que se aproxime ás danzas orientais, ás artes marciais chinesas, aos loitadores de Turquía, ao tango ou ao flamenco. Os seus corpos pouco teñen que ver e dificilmente permiten lecturas nas que se pretenda transmitir unha suposta simplicidade "natural" ou un estado primixenio, produto de visións falsamente idealistas. Mais, ou tempo, tamén son obras que se afastan e impiden posibles lecturas desde unha "gramática" desexualizadora, como as que nalgunha ocasión realizou Roland Barthes.

A soberanía do corpo



Ben pola contra, os corpos de Isabel Muñoz son corpos que se "ofrecen", no sentido que empregou Georges Bataille, mesmo que se abren, imaxes da sedución, velaí, como exemplo de rotunda plenitude, a extraordinaria fotografía que capta un primeiro plano duns beizos entreatos, a chave da fotografía é a ambigüidade á que nos dirixe a imaxe, converténdose en obxecto de desexo e en realidade provocadora.

Os grandes formatos, a procura da elasticidade, do movemento, fai que nos sintamos perante unha auténtica soberanía do corpo. A fotografía ofrécenos a súa presenza, mais tamén nos transporta, acompañando o corpo, a un

auténtico desprazamento, un desprazamento que, ao se tratar do corpo, é a razón da súa conversión en obxecto de desexo, no que este ten de realidade provocadora, que a fotografía constrúe por medio dunha intensa creación de enorme nitidez, case escultórica, nas que a utilización dos grandes formatos e a elaboración de copias ao platino teñen un papel sobranceiro.

Unha foto como *Danza cubana* (2001) é un exemplo perfecto desta soberanía do corpo. A foto de Cuba fai lembrar o que afirmaba Bataille sobre cómo a atracción dunha vestimenta funciona na medida en que esta roupa anuncia ou suxire o corpo. O semiculto, a revelación, a profanación son a esencia do erotismo, como nos lembra o pensador francés.

A outra chave da ollada de Isabel Muñoz sobre o corpo é o movemento, en especial a danza, que acaba por conformar un compendio ideal do corpo ceibo, como se o movemento for epitome de liberación, de manifestación do ser humano libre de pexas, en definitiva, a expresión dun ritual liberador.

Isabel Muñoz no Auditorio de Galicia

 CARLOS L. BERNÁRDEZ

Traxectoria recoñecida

A mostra de Isabel Muñoz, que se poderá contemplar na sala de exposicións do Auditorio de Galicia até o 16 de abril, está formada por máis de setenta fotografías.

Desde hai máis de vinte anos a artista percorre o mundo para captar en imaxes os movementos, os corpos, nunha procura que ten moito de cartografía do ser humano, tendo na danza e nos deportes tradicionais o alicerce temático que lle serve para reivindicar unha nova lectura do corpo, liberadora e afastada da súa opresión e utilización espuria. Corpos que son quen de escaparen da atracción terrestre e do peso, nun sentido físico mais tamén nun sentido profundo.

Desde que en 1986 realizou a súa primeira exposición, a fotógrafa barcelonesa afianza a súa traxectoria con mostras en países como Bélxica, Estados Unidos, Francia, Italia, Suíza, Turquía, Portugal ou Grecia, ao que hai que unir a súa participación en mostras colectivas e a publicación de libros e a realización de monografías sobre a súa obra, especialmente recoñecida en Francia, onde publicou os volumes *Parade Nuptiale* (1992), *María Ilusión* (1995), *Figures sans Visages* (1997) e *Rome, l'invention du Barroque* (1997). Do ano 2000 é *Isabel Muñoz*, unha monografía con texto de Christian Caujolle. Paralelamente a súa obra foi integrándose en importantes coleccións entre as que cómpre salientar entre as públicas as seguintes: Maison Européenne de la Photographie de París, Museum of Modern Art de Nova York, Museo de Arte Contemporánea de Houston e a Colección da cidade de Xenebra.

Axudas inagardadas

O autor de *Castiñeiro e compañía*, *A serea do deserto* ou *O dromedario nadador*, entre outros, vén de publicar, dentro da "Serie Vermella", en Alfaguara-Obradoiro *O aliado inesperado*, unha novela que narra ben en forma de lembranza ou ben como presente vivido, a vida de Salvador Bouzas, o derradeiro habitante dunha aldea de nome Carballeda e que podería simbolizar o illamento ao que se someten ou son sometidos moitos maiores ao longo e ancho da nosa xeografía.

Xabier López Rodríguez que naceu en San Ciprián de Hermisende dentro da Zamora que fala galego amplía non só o territorio da lingua galega máis alá da Portela da Canda senón tamén a situación vital de alguén que decide por vontade propia ou obrigado polas circunstancias vivir só.

A historia de Salvador Bouzas vai aparelhada no seu tramo final á do aliado inesperado, isto é, un lobo ferido ao que consegue curarlle os destrozos causados por un lazo de aceiro nunha das patas, dos que se recuperará grazas



Para alén da amizade

MARÍA NAVARRO

aos coidados do vello e que o animal devolverá en forma de fuxidías visitas nocturnas

que lle proporcionan ao protagonista unha certa tranquilidade e seguridade.

Practicamente calquera momento, calquera circunstancia, calquera son leva ao vello ao pasado, un pasado triste e desolador cando un fatal accidente sega a vida do seu único fillo ou o pasamento da que durante anos fora a súa compañeira. Pero tamén un pasado, por veces, agradable e reconfortante que lle fai lembrar pasaxes da súa infancia, troulas de adolescente ou escapadas de namorado.

A presenza do lobo supón para o autor a posibilidade de amosar unha dobre dor: a do animal ferido pola trampa e a do home magoado pola vida. Tamén o illamento: físico e psicolóxico e a angustia vital que se lle presenta en forma de medo e fatalismo. Vén ser a novela unha mostra dunha realidade social do país: a profunda soidade dun home que busca nunha sorte de alianza co lobo un motivo máis para seguir vivindo, que neste caso vese agravada polo medio físico pero que podería facerse extensible a outras persoas aparentemente rodeadas de xente.

LÓPEZ RODRÍGUEZ, Xabier, *O aliado inesperado*, Ed. Alfaguara/Obradoiro, Santiago, 2006, 100 páxinas

Tomar a sopa

As pelexas dos nenos co xantar e con algúns alimentos en concreto é algo que dende hai moito levou aos pais, nais e demais membros da familia a improvisar pequenas festas ou funcións arredor da mesa da coziña. Os adultos puxeron e seguen poñendo a traballar a súa imaxinación para conseguir o obxectivo; que o meniño coma todo, mesmo o que non lle gusta, e para iso aviacións, submarinos, animais, contos e onomatopeas desfilan día tras día polas mesas das familias na hora da xanta.

Estas representacións non profesionais nomeadas tampouco acontecen todos os días, polo menos na meirande parte dos casos, senón que o normal é que se reduzan ás comidas máis odiadas polos pequenos e, é para estes días para os que kalandraka vén de publicar un libro de contos titulado *27 historias para tomar a sopa*. Esa comida, ben adorada por moitos rapaces ou ben odiada por moitos máis, que até inspirou as tiras de Quino protagonizadas por Mafalda, serviu de pretexto a U. Wolfel para crear este libro concibido coma un acompañamento desas comidas máis difíciles.



Relatos de viva voz

PAULA FERNÁNDEZ

O libro contén vinte e sete pequenos contos acompañados de cadanseu debuxo e protagonizados a maioría por animais, ou centrados en obxectos da realidade

ben familiares para quen le ou escoita o relato. Trátase de historias simples onde o máis común é introducir a un personaxe nun apuro, ben pode ser unha nena que non é quen de baixar da árbore á que subiu na procura dun globo, un parrulo atemorizado porque foi vivir a noite en lugar de ir ao galiñeiro, un raposo que non pode baixar dunha torre ou unha rapaciña que non consegue moverse no pinchopau do parque. E os desenlaces tamén son simples mais procuran a orixinalidade e o sorriso dos meniños, caídas torpes, a maioría, ou pequenas e inocentes humillacións, o resto, conforman o remate destes contos pensados para ser contados máis que para ser lidos.

Unha edición de luxo, adornada polas ilustracións de Barnasconi, acompaña a esta colección que poderíamos calificar, non de micro, mais si de minicontos de moi doada lectura pensados mais coma obxecto de axuda aínda que ao tempo coma un bo e educativo entretemento para eses obrigados xantares máis lúdicos.

WOLFEL, U./BERNASCONI, *27 historias para tomar a sopa* (trad. Paco Mirandeira) Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2006, 63 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Conversas con Suso de Toro

Antonio Pedrós-Gascón
Edicións Xerais. 351 páxinas

Este libro recolle as conversas que mantivo Antonio Pedrós-Gascón con Suso de Toro. Ao xeito dun longo monólogo ou dunhas primeiras memorias, o autor compostelán lembra de forma ordenada dende a experiencia da súa infancia de posguerra ata o seu traballo como escritor profesional en lingua galega. A reflexión sobre a ansia de narrar, a experiencia como lector, o diálogo coa

creación e o tempo contemporáneo constitúen eixos temáticos dun libro onde a biografía e a obra de Suso de Toro se van entrececendo como saba de liño. Acompaña-se o libro de varios textos inéditos, como os seus primeiros relatos, publicados aos dezaseis anos, ou a "Media docena de vidas", autobiografiadas para que cada lector, ao remate da lectura, escolla aquela que mellor lle conveña.



Crónicas dunha Democracia

Xerardo Agrafoxo

Editorial Torosouts. 325 páxinas

Despois da publicación dos tres volumes sobre *A Guerra Civil en Lousame e Noia* e as *Memorias do Franquismo*, este libro é o primeiro dunha triloxía sobre a historia máis recente do concello de Noia. Nestas *Crónicas dunha Democracia* estúdase, entre outros acontecementos, a transición política, a che-

gada do PSOE ao poder en 1979, o 23-F no Casino, a crise interna do BNG, a odisea dos tripulantes do Garmomar, a maioría absoluta do PSOE en 1983, os naufraxios do Castillo de Bellver, Majanova I e María Luísa Carral, a rivalidade entre Díaz Fornas e Moas pazos e a campaña electoral de 1987.



O útero dos cabalos

Lupe Gómez

Espiral Maior Poesía. 117 páxinas

O propio título do libro explica ben o carácter de transgresión que atravesada obra de Lupe Gómez. Despreocupada pola lóxica e as normas, toda a súa poética ten como santo e seña a extrema liberdade das verbas e dos corpos. Trátase, como suliña Xohana Torres no limiar,

"dun diario persoal onde a autora expresa os seus sentimentos. Lonxe de metafísica, ela exhibese coma peza central, provocadora, utilizando palabras de alta voltaxe: sexo, sangue, amor libre, nudez..." *O útero dos cabalos* foi gañadora do VIII Premio de Poesía Xohana Torres no limiar,



Asubío, Fina e Petra

Xosé Vázquez Pintor/Andrés Meixide
Editorial Everest. 75 páxinas

O merlo Asubío e as mazás Fina e Petra viven nunha horta da cidade de Megoño. A horta é un lugar fermoso onde a Natureza loce as súas mellores cores que o aire se encarga de repartir entras as árbores, os froitos e os paxaros. O dono da horta, le-

vado polo desexo de enriquecerse, remata coa vida da horta e coa alegría da propia. Esta pequena e fermosa peza teatral, ilustrada por Andrés Meixide, pertence á colección "Montaña Encantada" e está adicada a nenos a partir dos oito anos.



Tempo de pandereiteiras

DANIEL LAVESEDO

Son moitos os grupos galegos que nestes dous últimos anos veñen festexando distintos aniversarios nas súas andainas: 10 anos de Fía na Roca e Mutenrohi, 25 anos de Milladoiro, ... e agora unha nova formación engade o seu nome a esta listaxe, que amosa por unha banda a boa saúde e por outra a experiencia que atesouran xa algúns grupos folc e tradicionais do país. Son as Leilía as últimas que deron en celebrar o aniversario, concretamente 15 anos, dunha carreira que as colocou como o mellor expoñente da tradición de cantareiras e pandereiteiras galegas e que, por riba, souberon -como escribiu Suso de Toro nun dos seus discos- decatarse de que eran fillas non só da súa terra, senón tamén do seu tempo e abrírlle as portas do século XXI a esa tradición, sen deixar que esmoreza até se converter nun fulgor dun tempo ido.

E o xeito de conmemorar a data foi a publicación dun novo traballo, -cuarto na súa andaina-, *Son de Leilía*, onde recollen pezas que gravaron en distintas colaboracións e proxectos, acarón de Milladoiro, Budiño, Rumbadeira, Brinca-deira, os bretóns Bleizi Ruz, ou incluso para a banda sonora do filme *Fisterra*, (Xavier Villaverde, 1999). E se ben é certo que o disco adoce quizais dunha liña argumental coherente, lóxico por outra banda nun traballo desta caste, non deixa de ser unha maneira extraordinaria de coñecer o labor desenvolvido por Leilía nestes quince anos. Así as primeiras



Fanny + Alexander

A licenza Creative Commons está a permitir a creación na rede dunha morea de plataformas dende a que todos aqueles creadores que o desexen poden difundir, distribuír e amosar a súa obra, coa condición de esta poder ser copiada e distribuída publicamente, que se poidan facer obras derivadas dela ou incluso facer un uso comercial da mesma sempre que se faga tamén baixo a mesma licenza. Este novo empurrón cara ao cantil da desaparición das mastodónticas multinacionais, aínda que comezan aparecer tímidos intentos de reaxir por parte delas coa súa intención de explotar o novo mercado da venda online, permítenos coñecer xa dende hai tempo o labor creativo de, por exemplo, os "aduaneiros sem fronteiras", mestres do deseño gráfico retranqueiro e agora trae até nós a estrea discográfica de Fanny e Alexander, dúo compostelán de pop electrónico, que se distribúe de balde dende a plataforma aregueifa.net, que por certo anima a todos os creadores de calquera eido: fotografía, música, banda deseñada, ..., a difundir a súa obra con eles. Trátase dun EP de catro temas, *Lusco e Fusco*, que ten, ademais, un irmán maior, composto por estas máis outras catro pezas e que saíu ao mercado en formato CD onde, como eles memos din, machucan estilos, regras e etiquetas para pór os alicerces para a contemporaneización da música pop galega, sen esquecer as súas raíces pero misturándoas coa electrónica, as rimas hiphopeiras e certa predilección pola estética da canción francesa, que o vídeo de "Lene", un dos temas do disco, recorda ás veces e que pode ser unha mostra clara do traballo deste dúo: unha melodía pop sutil que remata en alalá, todo o tempo arrolada na suavidade e acubillo que proporciona a electrónica.

Co son de Leilía

pezas, pertencentes a colección *Fonoteca 92*, amosan o son que apresetaba a formación antes de *I é verdade, i é mentira*, (Virgin Records España, 1998), espido de adobio musical ningún, agás a gaita de Manolo Nieto e que foi o elo que as levou até a revolución conceptual que significou ese disco, segundo despois de *Leilía*, (Discmedi, 1994). A este primeiro chanzo da carreira do grupo pertencen tamén os tres seguintes temas do disco: colaboracións con Alecrín, para *Godaxe*, (Dial Discos, 1991) e Bleizi Ruz, con que gravaron varios temas de *Hent San Jakez*, (Shamrock Recordsonde, 1993). Este traballo -"Camiño de Santiago" sería a tradución do título dende a lingua bretoa-xuntou tamén a La Musgaña e

a Desi Wikeison no seu percorrido musical polo viero que leva a Compostela, unha Compostela que aparece reflectida varias veces no disco, amosando a importancia que ten, e tivo, no proxecto Leilía. Así, "O Chorei", tamén inserido no CD, quere relembra os concertos na Casa das Crechas picheleira e "Compostela" foi o froito da colaboración das cantareiras con Xosé Manuel Budiño. Aínda "Mil camiños", tema composto por elas para lle faer unha homenaxe a súa cidade, recunca nese referente incluíbel.

Para alén disto, a colaboración con Milladoiro, que vén de vello pois algunha integrante de Leilía xa colaborou na xira da lendaria banda en

1988, é onde con máis claridade se pode sentir, xunto quizais aos primeiros temas do disco, a forza hipnótica do son da pandeireta. A monotonía, o bater teimudo dos ritmos ternarios de xota e muiñeira que acompañaron as noites de labor dos antergos xunto coas voces que se prolongan en cada remate de estrofa querendo deter o tempo.

Pero o bo de Leilía é que refugan da idea de rematar como peza de museo, como curiosidade, coma representación teatral do pasado e, recollendo de volta a idea de Suso de Toro, sábense dun tempo novo, tecnolóxico, que lles permite ofrecer na súa extraordinaria páxina web, www.leilia.net, melodías para o telemóbil

acarón dunha completa información sobre o lugar de recolleita das moitas pezas da tradición que veñen engadindo de sempre ao seu repertorio. Sobrancea nestas recolleitas a importancia da comarca do Condado, cos seus seráns, mais o percorrido lévanos dende A Limia até Bergantiños, pasando por terras do Deza, polas bisbarras de Santiago e Arzúa, mesmo chegando á Barbanza, nunha amósega da moita estrada e moito carreiro tripados por Leilía nos seus quince anos. En definitiva, non resta máis que desexar longa vida a quen é, como deixan dito Milladoiro no libríño d'*O son de Leilía*, piar fundamental e referencia de todos os grupos de pandeireteiras que habitan o país.